

XV FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA PÓRTICO DO PARAÍSO
del 29 de abril al 8 de mayo de 2022

Cursos de interpretación en el Conservatorio de Ourense

CURSO DE INTERPRETACIÓN DE GUITARRA

Kyuhee Park

CURSO DE INTERPRETACIÓN DE PIANO

Raúl da Costa

Boletín de inscripción

CURSO DE INTERPRETACIÓN DE GUITARRA

Kyuhee Park



Conservatorio Profesional de Música de Ourense

Xoves, 5 de maio de 2022



Kyuhee Park

Kyuhee Park naceu en Incheon, Corea do Sur, en 1985. Comezou a estudar guitarra aos tres anos e gañou o primeiro premio na división xuvenil do Concurso Nacional de Guitarra Coreana á idade de nove anos.

En 2004 ingresou no Tokyo College of Music. Participou nunha xira de ópera dirixida polo mestre Seiji Ozawa.

Graduouse como primeira da promoción na Universidade de Música e Artes Escénicas de Viena en 2014, e tamén se graduou como estudante de primeiro grao no "Máster en Interpretación de Guitarra Clásica" organizado pola Universidade de Alacante.

Estudou con Shin-ichi Fukuda e Kiyoshi Shomura que son os principais guitarristas clásicos xaponeses así como con Alvaro Pierri.

Obtivo numerosos premios en varios concursos:

Primeiro premio no concurso de música de guitarra coreana en 2005, Primeiro premio e premio do público no concurso internacional de guitarra de Heinsberg (Alemaña) en 2007, segundo premio no concurso internacional de guitarra de Koblenz (Alemaña) en 2008, primeiro premio no concurso internacional Printemps da Guitare (Bélxica) en 2008, (foi a gañadora do primeiro premio como muller e tamén como asiática na historia deste concurso), segundo premio e premio de artista novo no Concurso Internacional de Guitarra Clásica Michele Pittaluga (Italia) en 2009, primeiro premio no Concurso Internacional de Guitarra Luys Milan (España) en 2009.

Primeiro premio no Concurso Internacional de Guitarra Agustín Barrios (Italia) en 2010 e primeiro premio e premio do público no Concurso Internacional de Guitarra Alhambra (España) en 2012.

Editou dúas gravacións en FONTEC ("Soño" 2010, "Sonata Noir" 2012) e catro gravacións en NIPPON COLUMBIA ("Spanish journey" 2012, "O Último Tremolo" 2013, "SAUDADE" 2014 e "FAVORITE SELECTION" 2015). Eses CD foron moi aclamados e ademais as vendas son extraordinarias no mundo da guitarra clásica. A súa última gravación, "Harmonia", foi lanzada por NIPPON COLUMBIA en febreiro de 2018.

Apareceu repetidamente en programas de radio FM e TV de música clásica de NHK. Actuou como solista coas principais orquestras de Xapón. Actualmente, actúa en Europa, Xapón e Corea.

"Kyuhee achega emoción e beleza a cada nota que toca. A súa fabulosa precisión na guitarra fai que a súa música brille e é a paz de compartir a súa alegría musical co oínte".

David Russell, guitarrista

"Kyuhee Park é un verdadeiro músico. Cando toca, o milagre da comunicación humana pasa polos seus dedos para chegar a emocións profundas".

Alvaro Pierri, guitarrista

PROGRAMA DO CURSO

LUGAR: CMUS de Ourense.

DATA: Xoves 5 de maio de 2022.

HORARIO: 16:00 a 20:30h.

MÉTODO DE TRABAJO

As clases serán individuais pero deberán asistir todos os alumnos matriculados no curso. Nelas traballaráse o repertorio elixido por o alumnado como vehículo para o estudo dos distintos estilos interpretativos.

DEREITOS DE MATRÍCULA

- Alumnos activos do Centro (clase 45min): 75 €
- Alumnos activos do Centro (clase 1h): 100 €
- Alumnos oíntes do Centro: 10 €
- Alumnos oíntes de fora do Centro: 20 €

As inscricións abonaranse no seguinte número de conta de ABANCA: IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809. O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro. O prazo de matrícula remata o día 29 de abril de 2022. A todos os alumnos participantes no curso entregaráse, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo de asistencia.

INFORMACIÓN

Secretaría do Curso

Rúa Pablo Iglesias, s/n

32004 - OURENSE

Teléfono: 988.39.10.47 - Fax: 988.39.19.71 E-mail:

cmus.ourense@edu.xunta.es

INSCRIPCIÓN CURSO DE INTERPRETACIÓN DE GUITARRA

Apelidos

Nome

Enderezo

Poboación

C.P

Provincia

Teléfono

E-mail

Nivel de estudos

Activos do Centro (45min)

Activos do Centro (1 hora)

Oíntes do Centro

Oíntes de fóra do Centro

Os alumnos activos terán unha entrada gratuita o os oíntes un desconto do 50% no concerto da mestra Kyuhee Park, o día 6 de maio de 2022 no Liceo de Ourense, no marco do XV Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso.

Sinatura

INSCRIPCIÓN

Nome do alumno/a:


Curso:

Conservatorio de estudo:

Modalidade (Activo ou oínte):

Número de sesións:

Duración de cada sesión (25 ou 50 min):



CMUS OURENSE

AVENIDA PABLO IGLESIAS S/N

32004 OURENSE

Tel: 988 391 047

Email: cmusourense@edu.xunta.gal

*Pórtico
do Paraíso*



CURSO DE
INTERPRETACIÓN
RAUL DA COSTA

RAUL DA COSTA

Raúl da Costa, pianista premiado en diversos concursos nacionais e internacionais, recibiu, en 2016, o 1º premio e todos os premios especiais do concurso internacional ZF-Musikpreis. Desde moi novo é presenza recorrente nas salas máis emblemáticas de Portugal, salientándose, aínda, o éxito obtido en diversos festivais internacionais de música, entre moitos outros escenarios por toda a Europa, Estados Unidos da América e Asia.

Aos 12 anos de idade fixo a súa estrea con orquestra na Casa da Música, e desde entón ten colaborado con mestres como Theodore Kuchar, Antonio Pirolli, Joseph Swensen, Stefan Blunier, Martin Andre, Vladimir Lande, Vitaliy Protasov, Raphaël Oleg, a par de orquestras como a Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música, Orquestra Gulbenkian, Orquestra Filarmónica Janacek, Orquestra Filarmónica Portuguesa, a Orquestra Sinfónica do Estado da Sibéria e a Orquestra Sinfónica de Antalya.

Actualmente, estuda na Hochschule für Musik Hanns Eisler, con Kirill Gerstein. Tivo, tamén, oportunidade de traballar con Dmitri Bashkirov, Ferenc Rados, Galina Eguiazarova, Tatiana Zelikman, Thomas Adès, Boris Berezovsky e Maria João Pires. Foi bolseiro da Yamaha Musical Foundation of Europe, da Yehudi Menuhin Live Music Now Foundation e da Fundación Calouste Gulbenkian.

A súa interpretación do 4º Concerto para Piano de Rachmaninov foi editada en CD coa Orquestra Sinfónica do Porto, so a dirección de Stephan Blunier. As súas gravacións ao vivo poden tamén ser encontradas en diversas radios, como NDR, SWR e Deutschlandfunk na Alemaña, Radio France e Radio Antena 2. Raúl da Costa asumiu, en 2018, o cargo de Director Artístico do Festival Internacional de Música da Póvoa de Varzim.



DETALLE DO CURSO

LUGAR: A determinar

DATAS: 4, 5 E 6 DE MAIO DE 2022

HORARIO: Comunicarase os matriculados

OBXETIVOS DO CURSO

- Afondar nos aspectos básicos da interpretación pianística aplicada ao repertorio.
- Formar unha imaxe musical e estética aplicada a interpretación.
- Coñecer as distintas convencións interpretativas e os estilos segundos as diferentes épocas e autores.
- Aprender a estudar sistemáticamente e adquirir unha formación técnica-mecánica para abordar o estudo das obras.

DEREITOS DO MATRÍCULA

- Alumnos de centro: 15€ (25 min) ou 30€ (50 min).
- Alumnos alleos o centro: 40€ (50 min)
- Alumnos oíntes: 10€

PROCEDEMENTO DE INSCRIPCIÓN

- As inscricións abonaranse en **ABANCA, IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809**
- O boletín de inscrición e xustificante de pago remitirase á Secretaría do Centro. O prazo de Matrícula remata o 22 de Abril.
- A todo o alumnado participante no curso entregaráselle, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo de asistencia.
- O número de participantes activos será limitado, sendo a organización a que limite as novas inscricións.